



TU503I AXUDAS PARA TURISMO ENOGASTRONOMICO

DOG 14 do 19/01/2024 Resolución 21/12/2023. AXENCIA TURISMO GALICIA.

DATA REMATE: 19/06/2024

Contía da Subvención:

70%. Ata 250.000€ (para liñas 1 e 3) 50.000€ para liña 2

Beneficiarios:

as persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos turísticos de aloxamento e de restauración que teñan inscrito e autorizado ou clasificado, conforme estableza a normativa turística, no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (en diante, REAT). Entran aloxamentos, cafeterías, bares e restaurantes

Requisitos Beneficiarios:

Para a Liña 1 deben ser establecementos vinculados a unha adega rexistrada como recurso turístico na REAT (pode inscribirse antes do prazo de solicitude)

Conceptos Subvencionables:

- a) Liña 1: adecuación e embelecemento de establecementos enoturísticos. Reforma e rehabilitación de establecementos turísticos e adegas vinculadas para servizos de enoturismo
- b) Liña 2: proxectos dixitais vinculados a recursos turísticos enogastronómicos, para a posta en valor de produtos vitivinícolas e gastronómicos de Galicia que contan cuns requirimentos de calidade demostrada. Inclúe os produtos que contan con Denominación de Orixe Protexida de Galicia, Indicación Xeográfica Protexida de Galicia, a certificación Viños da Terra ou que dispoñan do selo de destino Galicia Calidade.
- c) Liña 3: ampliación e mellora da capacidade de aloxamento do contorno turístico para a posta en valor da enogastronomía de Galicia. Proxectos de reforma e ampliación en establecementos turísticos de aloxamento que impliquen a dotación de novas prazas de aloxamento, vinculados á posta en marcha de experiencias enogastronómicas, tales como visitas en orixe que poñan en valor o proceso de creación da materia prima, o seu coidado, recolección, procesamento, elaboración do produto final, así como experiencias interactivas de cociña ou showcooking, degustacións e catas. As experiencias deberán incluír entre os seus produtos principais, polo menos, un produto que conte con Denominación de Orixe Protexida de Galicia, Indicación Xeográfica Protexida de Galicia, a certificación Viños da Terra, ou que dispoñan do selo de destino Galicia Calidade.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Praza de Insuela S/N
15123 - CAMARIÑAS
981 737004 Fax: 981 736199
mjimenez.desenvolvemento@camarinas.net
www.camarinas.net

